



Astº.: Certificado de exposición pública e do seu resultado
Refª.: Orzamento do exercicio de 2013

M. BLANCA ESTÉVEZ SÁNCHEZ, SECRETARIA-INTERVENTORA DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA,

CERTIFICA:

Que segundo se desprende do expediente do Orzamento deste Consorcio para o exercicio de 2013 aprobado inicialmente mediante acordo plenario adoptado en sesión do 19 de decembro de 2012, arquivado nesta Secretaría ao meu cargo, resultan, respecto da súa exposición pública tras a aprobación inicial, e resultado, os extremos seguintes:

1º. Que no "Boletín Oficial" desta provincia núm. 3, do 04 de xaneiro de 2013, apareceu inserto o anuncio da aprobación inicial do dito Orzamento, anuncio no que se inclúe o outorgamento do prazo de quince días hábiles (desde o primeiro, tamén hábil, ao da dita publicación) para exame do expediente e presentación de reclamacións polos interesados e motivos que citan os apartados 1 e 2 do art. 170 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

2º. Que, copia dese anuncio, inseriuse, na mesma data da precitada publicación, no Taboleiro de anuncios do Consorcio, debidamente dilixenciado incluíndose o prazo correspondente segundo consta naquel.


3º. Que en consideración á data de publicación citada no apartado 1º da presente, o prazo de quince días indicado nese apartado transcorreu, desde o día cinco de xaneiro de dous mil trece (05.01.2013) ata o día vinte e dous de xaneiro de dous mil trece (22.01.2013), incluídos os días de inicio e fin citados.

4º. Que durante o prazo ao que se fai mención no apartado precedente, non consta presentado no Rexistro Xeral de Entrada de Documentos desta Entidade, nin por remisión ou entrega por outros medios a esta Secretaría (Fax, correo electrónico, sede electrónica) documento ningún de reclamación ou alegación contra dito Orzamento ou o seu expediente, incluída a relación dos Postos de Traballo e o propio acordo de aprobación inicial.

E, para que así conste e na unión co referido expediente, xurda os seus debidos efectos, emito a presente certificación, en cumprimento do disposto polo art. 2.e) do texto normativo aprobado polo Real decreto 1174/1987, do 18 de setembro, e de orde e co visto e prace do Iltmo. Sr. Presidente en Carballo, a vinte e tres de xaneiro de dous mil trece.

V.º e pr.
O presidente,


Asdo.: Santiago Villanueva Álvarez
O presidente


Secretaría
Intervención